

ACLARACION CADRO PERSOAL A SUBROGAR. EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, SISTEMA MULTICRITERIO, DO "SERVIZO DE LIMPEZA E DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PORTOS DE GALICIA DEPENDENTES DA ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA". (EXPEDIENTE: PRG-2022-130)

No procedemento de licitación arriba referenciado, fíxose público o cadro e condicións de persoal a subrogar en cada lote, dando cumprimento ao establecido no artigo no artigo 130 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), respecto da obriga de facer pública esta información.

Con data de 03/07 2023 a empresa ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L. presenta escrito onde indica que existen diferenzas entre a táboa remitida no momento no que se lles solicitou a listaxe de traballadores a subrogar relativo ao Lote 1, Sector Norte, e a publicada nos documentos de licitación, polo que procede emendar dita omisión mediante a publicación respecto deste Lote 1 Sector Norte, do novo cadro informativo das condicións dos contratos dos traballadores a subrogar.

Considerando que se trata de transcribir un documento; considerando que configuración das prestacións definidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares non sofren alteración; considerando que os pactos e condicións establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares non varían; tendo en conta que en todo caso o prezo estimado do contrato non se ve modificado, considerando que estes cambios nas condicións do persoal a subrogar non supoñen un incremento respecto das hipóteses que serviron de base ao cálculo dos custes totais de persoal do sector norte, segundo os traballos recollidos no PPTP e a súa valoración no anexo I da memoria xustificativa; considerando que o valor estimado autorizado para esta licitación non se altera, así como que a obriga de dita subrogación non deriva da Administración senón da vinculación das empresas aos convenios colectivos laborais que a establece; considerando que a consignación destes traballadores a subrogar non ten impacto significativo para a configuración das ofertas; considerando que na licitación do caso se permite optar a adxudicación de mais dun lote se ben no se admiten ofertas integradoras, e tralo informe do técnico correspondente, ao abeiro do artigo 136.2 da LCSP, e das facultades do artigo 12.3.g) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, ACORDASE:

Primeiro.- Proceder a publicar novo cadro informativo dos custes e condicións de subrogación nos contratos de traballo relativo ao Lote 1, sector Norte, do expediente de contratación arriba referenciado, Expediente PRG-2022-130. O cadro actualizado no anexo II da memoria do Lote 1 Sector Norte, é o indicado no Anexo.

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas en CINCO días naturais a contar desde a data de finalización do prazo inicial fixado para a presentación de ofertas, respecto do conxunto dos lotes establecidos na licitación arriba referenciada, Expediente PRG-2022-130.

Terceiro.- Dar publicidade a este acordo no Diario oficial da Unión Europea (DOUE) na Plataforma de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a da licitación da que trae causa.

Indicación de recursos: este acto queda suxeito ao réxime de xurisdición e de recursos indicados na cláusula 24 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a licitación e contratación do presente expediente.





Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica.
A Presidencia da EPE Portos de Galicia.

ANEXO. Cadro actualizado no anexo II da memoria. Lote 1 Sector Norte.

Nº	CATEGORÍA	CONTRATO	VENCIMIENTO CONTRATO	XORNADA SEMANAL	ANTIGÜIDADE	SALARIO BRUTO ANUAL POR TRABALLADOR (No momento de entrada en vigor do Convenio Colectivo)
1	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	23/10/1998	19.774,47 €
2	ENCARGADO	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	18/05/2004	34.379,78 €
3	CONDUTOR	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	01/03/2004	23.147,23 €
4	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	21/01/2008	19.533,05 €
5	CONDUTOR	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	27/09/2004	23.168,92 €
6	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	01/10/1997	21.163,66 €
7	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	28/01/2008	19.533,05 €
8	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	13/07/2005	20.076,58 €
9	CONDUTOR	540	30/08/2024	XUBILACIÓN PARCIAL (25%)	17/02/1997	5.951,09 €
10	CONDUTOR	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	03/01/2011	21.837,49 €
11	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	02/01/2019	17.562,95 €
12	CONDUTOR	200	INDEFINIDO	MEDIA (38%)	01/10/2019	7.680,47 €
13	CONDUTOR LIMPADOR	410	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	14/05/2018	21.053,55 €
14	PEÓN LIMPADOR	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	30/08/2022	15.594,30 €
15	PEÓN ESPECIALISTA	100	INDEFINIDO	COMPLETA (40 horas)	14/12/2022	17.562,95 €

NOTA: Convén aclarar, respecto da interpretación das táboas de persoal a subrogar recollidas no anexo II da memoria, que no caso dos sectores norte e centro, os salarios brutos están calculados a data de entrada en vigor dos convenios de aplicación.

